



CONSORCIO DE  
SANTIAGO

Newsletter

Galego\_ Outubro 2019

## REHABILITACIÓN



### O 18 de novembro remata o prazo para solicitar as axudas para a mellora dos locais comerciais da cidade histórica

O Consorcio de Santiago destinará este ano 75.000 € á rehabilitación dos locais comerciais da cidade histórica a través do seu “Programa Localízate”. O prazo de presentación de solicitudes remata o vindeiro 18 de novembro. Darase prioridade ás actividades de servizos, aos talleres artesanais e ao comercio de proximidade como motor económico. O Consorcio ofrece aos solicitantes a redacción da documentación técnica no caso das obras de pequena entidade.

## PUBLICACIÓNS

### Recupéranse dous textos de Antón Fraguas vencellados á cidade de Santiago

O Consorcio de Santiago e a Editorial Galaxia sacan á luz *Notas compostelás* de Antón Fraguas, en colaboración coa Fundación Antón Fraguas Fraguas. Trátase de dous textos do autor homenaxeado este ano no Día das Letras Galegas, vencellados á cidade de Santiago e traducidos ao galego por Xesús Domínguez Dono. Un aborda a historia da vida colexial compostelá e o outro a traxectoria da Sociedade Amigos da Arte de Santiago de Compostela.



## MÚSICA

### A Real Filharmonía de Galicia estrea a ópera galega “A amnesia de Clío” de Fernando Buíde

A Real Filharmonía de Galicia comeza novembro coa estrea da ópera galega *A amnesia de Clío* de Fernando Buíde. Será o domingo 10, baixo a batuta de Paul Daniel, coa soprano Raquel Lojendio, o barítono Sebastião Peris, a mezzosoprano Marina Pardo e o Orfeón Terra A Nosa. Representarase de novo o día 12 no Teatro Colón da Coruña e o 14 no Auditorio Municipal de Ourense. É unha coproducción da compañía Voadora e o Consorcio de Santiago-Real Filharmonía de Galicia, Centro Dramático Galego e Amigos da Ópera de Santiago.

O 21 regresarán o mestre Manuel Hernández-Silva e o trompetista venezolano Pacho Flores, que estrearán *Danzas latinas* de Efraín Oscher. E o 28, no marco do Festival Cineuropa, a RFG porá a banda sonora ao filme *A caída da casa de Usher*, con música de José M<sup>a</sup> Sánchez-Verdú, que soará por primeira vez en España.



O compositor Fernando Buíde



### Curso de corda para nenos e clases maxistras na EAEM

A Escola de Altos Estudos Musicais pon en marcha unha nova edición do curso de corda para nenos de entre 5 e 14 anos, nas especialidades de violín (12 prazas) e violoncello (4 prazas). O prazo para presentar as solicitudes remata o 14 de novembro e deben realizarse a través da web da Escola -[www.eaem.es](http://www.eaem.es)-.

A EAEM ofrece ademais en novembro clases maxistras impartidas polo frautista Matthieu Gauci-Ancelin, a fagotista M<sup>a</sup> José Rielo e o viola Yuval Gotlibovich. A inscrición debe efectuarse a través da web da Escola. Os alumnos terán que estar cursando como mínimo os últimos cursos de grao medio.